

Obriga de identificación dos profesionais sanitarios

Expediente: I.5.Q/12495/22

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

Sr. Conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de dona XXX, respecto dun desacordo co trato recibido por unha facultativa que non pode identificar.

#### ANTECEDENTES

Nesa constar o seguinte (reiterando o exposto nas queixas presentadas diante desa consellería):

“Diríxome ao voso departamento , xa que descoñezo o nome da profesional sanitaria que me atendeu sobre unha consulta relativa a un bulto que teño na base do pulgar dereito para deixar constancia da pouca empatía, profesionalidade e humanidade da mesma ó facerlle eu unha pregunta sobre se as lesións que teño no tendón pulgar esquerdo (non o do bulto) e das que me fala, poderían ser debidas á fibromialxia agora severa que padezo e ante esta pregunta a profesional me responde, con desprezo e prepotencia, que : "la fibromialgia...no es para mí ni una enfermedad".

Ante esto, quedo en shock e non lle digo nada, ao saír da consulta me sinto conmocionada xa que sufro fai anos (diagnosticada por reumatoloxía fará 3) desta enfermidade e me afecta a todo: a vexiga (teño tratamento uroloxía cada 6 meses), ó sono, tal) dores musculares e rixidez fortes e cando teño brotes (acabo de ter un de duración case un mes e me acordei desta médica moito e pensei que ojalá non teña que pasar por esto) teño que estar , salvo cando traballo, en cama ou no sofá, incapaz de facer as tarefas mínimas da vida cotián, tamén me afecta aos pes, fascitis plantar, ó tunel carpiano, dixestivo, sistema nervioso , ect.

A fibromialxia é unha enfermidade recoñecida pola OMS xa fai anos, una enfermidade neurolóxica, hai moitas personas afectadas , en diferentes graos pola mesma. E é terrible que se cuestione a mesma dende o sistema sanitario, é dobremente duro para nós, os enfermos.”

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á Consellería de Sanidade. No informe achegado por dito órgano, esencialmente, indícase o seguinte:

Revisado o historial clínico da paciente, en relación á reclamación C22/ 142647, así como os procedementos realizados no servizo de atención ao paciente para clarificar o exposto pola Sra. XXX, informámoslle que o proceso asistencial polo que reclama, foi en todo momento correcto diagnosticándose a través das probas de imaxe ecografía e radioloxía a existencia dun corpo estraño na base do polgar, que ocasionou un pequeno granuloma.

A paciente foi incluída na lista de espera cirurxía maior ambulatoria o día 6 de xullo pasado. Seguindo o procedemento habitual ofertóuselle a intervención para extirpalo granuloma en 4 centros concertados, sendo todos eles rexeitados pola paciente, incluso aquel que conta cunha unidade especializada na cirurxía de man.

No que respecta a outra reclamación C22/142660 a paciente faina por que plantexo a facultativa que fixo a consulta a posibilidade de que o granuloma fose a causa da fibromialxia que padece, sendo totalmente descartada dita posibilidade pala facultativa.

### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

**PRIMEIRA.** A interesada está diagnosticada de fibromialxia. Presentou alteracións no tendón do polgar esquerdo así como un bultoma no polgar dereito. Acudiu a consulta e á realización de probas de imaxe respecto deste último. Relata o seu desacordo coa resposta emitida por unha facultativa que non identifica a raíz da pregunta sobre a relación dalgun dos síntomas coa fibromialxia.

O informe da Consellería expón que o proceso asistencial foi o axeitado e que o bultoma non ten relación coa fibromialxia senón cun corpo estraño. Porén non identifica á facultativa.

**SEGUNDA.** Cómpre ter presente que tal e como reza o artigo 12.10 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, o/a doente ten o dereito a coñecer e identificar de xeito rápido e claro, ao persoal que lle presta asistencia sanitaria, persoal que debe responsabilizarse das indicacións efectuadas en relación ao seu proceso asistencial

### CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

**O/a doente ten dereito a coñecer e identificar de forma rápida e clara ao persoal que lle dispensa a asistencia sanitaria.**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo